



ANUNCIO

Réxime retributivo da Corporación Municipal

O Pleno do Concello de Vimianzo, na sesión do 12 de xullo de 2023, adoptou o seguinte acordo:

“9º.- Proposta de acordo sobre o establecemento de réxime retributivo da corporación municipal 2023-2027.

(...)

PRIMEIRO.- Que os membros da Corporación que non teñan adicación exclusiva ou parcial perciban en concepto de asistencias por concurrencia efectiva as sesións dos órganos colexiados que se citan, as seguintes contías:

- Plenos: 75 euros/sesión
- Xuntas de Goberno Local: 150 euros/sesión
- Comisións Informativas: 50 euros/sesión
- Comisións creadas por Regulamentos ou Ordenanzas Municipais (para membros corporativos) e Xunta de Seguridade Cidadá: 50 euros/sesión
- Órganos de negociación e mesas de contratación (para os membros corporativos): 50 euros/sesión
- Representación da Corporación en órganos colexiados nos que se participe (agás que a entidade titular de tal órgano xa pague as asistencias): 50 euros/sesión
- Dietas en desprazamentos/quilometraxe: aplicarase o R.D. 462/2002 e a Orden do Ministerio de Economía e Facenda 3770/2005, do 1 de decembro ou norma que no futuro a substitúa.

SEGUNDO.- Que os grupos políticos municipais perciban, en concepto de dotacións económicas, ao abeiro do artigo 73 da Lei de bases de réxime local e demais disposicións concordantes, as seguintes contías:

- contía fixa por grupo: 300 euros/mes
- contía variable: 50 euros/mes por concelleiro

O presente acordo queda condicionado á aprobación do correspondente modificado de crédito.

TERCEIRO.-Realizar os trámites necesarios para modificar e adecuar as bases de execución do orzamento vixentes en todo o que afecte a este acordo e quedan derogados tódolos acordos que contradigan ao presente.”

O que asino en Vimianzo, o 3 de agosto de 2023

A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado dixitalmente)